

## Un prólogo que non atopou libro

**Xesús Rábade Paredes**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

RÁBADE PAREDES, XESÚS (2011 [1988]). “Un prólogo que non atopou libro”. *Dorna*: 13, 98-100. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/177>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

RÁBADE PAREDES, XESÚS (1988). “Un prólogo que non atopou libro”. *Dorna*: 13, 98-100.

\* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

*A un servidor, nada amigo de prólogos, cauteloso nos xuicios e pouco amigo de os expresar en público, foille solicitada con algunha inistencia ultimamente unha noticia de presentación para o primeiro libro de poemas dunha autora novel. Vencendo circunstancias de acougo e de lecer que daquela non tiña, entregueime á tarefa pondo nela o meu mellor oficio de lector de poesía e a maior transparencia que me era permitida. O traballo non gustou e, ante non sei que elípticas escusas, fun eu quen solicitou con enerxía retiralo. Pero como o produto de calquera escritor debe estar suxeito á consideración da crítica, decidín deixar expresa aquí a miña propia, tendo, iso si, a honradez de non modificar nunha palabra o meu xuicio inicial sobre o referido poemario.*

Certamente é un acto de responsabilidade para min presentar hoxe aquí a unha voz nova, verdadeira “aprendiz de ruiseñor”, na expresión machadiana, que aguza o canto en pugna nesta difícil loita por dominar a arte da palabra. Responsabilidade que agradezo e que asumo no que me corresponde, porque ó fin o lector ten de se limitar en exclusiva ós versos e omitir todo prólogo –lectura miña, sempre subxectiva–, entre outras cousas, por non estar de moda.

Hai xa algúns anos que Helena Villar e mais quen isto escribe se sorprenderon gratamente ante un poema de Ana Román, poema finalmente vencedor nunhas xustas da Asociación de Amas de Casa “Virxe de Bonaval”. Entón aquelas donas prestaban aínda oídos á palabra incitante. Despois seguín atentamente a traxectoria de Ana, e dos mozos da súa promoción, a través das necesarias páxinas de *Dorna*, medio insustituíble para a expresión poética nun País medio morto. Se non o está de todo, ós poetas se debe.

Ambas circunstancias, en fin, comprometéronme no labor desta noticia previa a *Palabra de mar*, que é para min palabra vestida de tristeza. En efecto, a nosa autora propónse *rexistrar*, melancolicamente, o sufrimento, a desolación e o fracaso. Hai unha concepción da vida como dor e unha especie de irmandade rosaliana, confesada expresamente no poema inicial,

*Ti, tan amiga,  
no ventre fondo a poboar terrores,*

composición constatadora de solidariedade, de homenaxe e sentimento compartido. Unha unidade estrutural e temática preside todo o libro, sólido e convincente na interiorización lírica da sustancia poética, na presenza sostida da súa forza emotiva. Plantexado a maneira de diálogo, o mar permanece aquí constante como confidente lírico; mar saturado de simbolismos múltiples e alusivos ó universo interior da poetisa. Consecuentemente, obsérvase por veces un traslado do punto de vista lírico da primeira á segunda persoa.

*Palabra de mar* potencia e profundiza o ámbito do sentimento a través da linguaxe. Porque é esta unha poesía escrita con vontade de estilo, constructiva, realzadora da palabra que, ora se converte en emoción, ora en imaxes que recrean a realidade sensorial. Tal vez en ocasións a saturación emotiva e os continuos apelos tautolóxicos contribúen a coutar ou constrinxir o que debера resolverse cabalmente en riqueza expresiva.

Nunha exploración breve, o poemario pode examinarse á luz de dúas claves ou direccións poéticas. Por un lado, áchase plenamente inscrito no ámbito da lírica sentimental—constante antropolóxica entre nós xa desde os Cancioneiros—, e só sentimental, onde o *eu* se configura como punto converxente do universo poético. Canto do sentimento en plenitude, nútrese de emoción (“longos laios de impotencia”) e de íntima e traballada expresividade nos mellores momentos.

Por outra parte, o libro instálase de maneira evidente na vertente poética que se centra no mar como motivo, tema este nada alleo tampouco no noso panorama literario desde a Idade Media. Mais cabe sinalarmos que o mar cobra vida auténtica na lírica galega—desvelado en plenitude, desde dentro— só a partir da capital aportación que neste século supón Manuel Antonio. Non pode ser a mesma a visión deste elemento despois das transformacións que nel opera tan digno precedente. E a referencia a *De catro a catro* é conveniente, salvando o peculiar acento propio en cada caso, á hora de estudia-los o que de soporte mariñeiro teñen as obras dun Bernardino Graña, un Cáccamo e un Baixeras, por exemplo. Do mesmo modo Ana Romaní, coa súa *Palabra de mar* de persoal temperatura, ven ampliar a

nómina de excelentes cantores do espacio misterioso, libre e dilatado.

Se agora nos cinximos a unha lectura máis pormenorizada, eu salientaría un impulso de primixenia rebeldía presente en cada páxina do libro, ben sexa a través de intuicións de natureza cósmica (liberdade simbolizada no vento e mais no mar) ou ben seguindo a traza evocadora do pasado, por canto que vivir é ter memoria, e

... *Todo o que amamos  
vive nas salobres ondas do  
silencio*

Nun canto presidido pola dor, non pode sorprendernos a expresión contradictoria da vivencia amorosa: o desamor, o olvido, a non correspondencia, o sentimento do vacío. Tal vez por iso mesmo a actualización do recordo por medio da escritura se converte en salvífica (“Por ti escribo hoxe”) e quizais tamén por iso se fai presente o símbolo do mar como antídoto da morte, posibilitando o soño, a liberdade, vestindo a ausencia, conducindo a esperanza:

*e desafógome en ti da escuridade  
...  
e enumero cada lúa que me does  
nesta ausencia de recrearte no  
desexo*

A paisaxe, interiorizada, implícase nos estados anímicos adversos; e o mar, hai pouco portador de claridades, xorde agora insistente como arela de negrura, como soidade infinita de afogados—igual que en Rosalía—, nunha identificación triple de dor, amor e morte. Atracción esta que se presenta unida ó afán de fusión cósmica ante a desolación e o abandono:

*Deixarei que as ondas do mar  
leven o meu corpo...*



Desexos de posesión insinuados propician a identificación do *eu lírico* coas criaturas mariñas. E ahí un certo erotismo refreado (corpo, labios, ventre) que aflora en ocasións neste sostido acento de desolada perda. Pero é este sentimento –desolación, tristeza– que lle confire unidade e cohesión a *Palabra de mar*, discurso reincidente, se ben con variacións, nun tema único, feito que o contamina dun certo ton monótono.

Así pois, concepto da existencia como ruína ou ermo (“non é humana esta anguria pola tarde”), hiperbolización de desespero (“sulagada nunha noite sen abrente posible”), constatación do medo, do desamor, da ausencia, da soidade, da tristeza e da morte son obsesións poéticas constantes neste libro inicial da nosa autora. Tal insistencia na desesperanza crea quizais por veces nesta obra unha contrapartida perigosa: a da excesiva reiteración léxica.

E finalmente, quero dicirlle a Ana que en *Palabra de mar* (case nunca carente de emotividade e forza, de imaxes novidosas, largamente suxestivas e connotadoras) boto de menos nalgunhas ocasións maior depuración e riqueza expresiva, máis esencializado e tal vez unha escritura máis definitiva. Porque a comunicación poética lógrase tanto pola palabra canto polos silencios elocuentes que a rodean, e Ana Romaní conta con suficiente capacidade de penetración e cunha experiencia vital rica e interiorizada como para eludir certos perigos da escritura. Oxalá no sucesivo ferman aínda con maior temperatura os poemas da autora. Debe saber resistir a tentación que ó meu xuício segue ameazando con insistencia xa alarmanete a algúns cantores da promoción máis nova. Refrómese ó discurso *culturalista* porque si, á incapacidade de superación do superficial ou manierista, á impertinencia e á pedantería.